

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA***ANUNCIO de convocatoria de vacantes no corpo da policía local.*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 144, do venres, 27 de xullo de 2018, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no corpo da policía local na OEP 2017.

O concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio convocou, mediante Resolución do 20 de xuño de 2018, os procesos selectivos para a cobertura de diversas prazas vacantes no corpo da policía local no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, que a seguir se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 3. Denominación: oficial.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 5. Denominación: policía.

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, publicándose os sucesivos anuncios no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 23 de agosto de 2018

O alcalde  
P.D. (Acordo da Xunta Goberno Local do 21.4.2017)  
Vicente Legísima García  
Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal

